

## ANEXO II

## MODELO DE SOLICITUDE

## DATOS PERSOAIS

Primeiro apelido		Segundo apelido		Nome	
DNI	Data de nacemento			Grupo	
Domicilio, rúa e nº		Provincia	Localidade		Teléfono
DESTINO ACTUAL					
Centro de Xestión		Dependencia		Localidade	

## SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

*Resolución do 21 de xuño de 2006, da División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional, pola que se declaran, con carácter provisional, os aspirantes admitidos e excluídos á entrevista da fase de provisión do proceso extraordinario de consolidación de emprego da categoría de pediatra de atención primaria.*

A base décimo cuarta da orde da Consellería de Sanidade do 15 de febreiro de 2002 (DOG nº 40, do 25 de febreiro), pola que se convocaba proceso extraordinario de consolidación de emprego para a selección e provisión de prazas de persoal estatutario das institucións sanitarias dependentes do Servizo Galego de Saúde, dispón que finalizado o prazo de presentación de instancias da convocatoria pola que se inicie a fase de provisión, a División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional do Servizo Galego de Saúde ditará unha resolución declarando con carácter provisional os aspirantes admitidos e excluídos á entrevista por centros de xestión, co motivo da súa exclusión.

Por todo iso, esta división

**RESOLVE:**

Primeiro.-Declarar, con carácter provisional, os aspirantes admitidos e excluídos á entrevista da fase de provisión do proceso extraordinario de consolidación de emprego para a selección e provisión de prazas de persoal estatutario das institucións sanitarias dependentes do Servizo Galego de Saúde convocado pola orde da Consellería de Sanidade do 15 de febreiro de 2002 (DOG nº 40, do 25 de febreiro), da categoría de pediatra de atención primaria.

Segundo.-As listaxes coa relación de aspirantes admitidos e excluídos poderán examinarse nos taboleiros de anuncios dos servizos centrais e periféricos da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde, nos dos centros de xestión de atención primaria e especializada do Servizo Galego de Saúde e na páxina web do Sergas ([www.sergas.es](http://www.sergas.es)).

Terceiro.-Os apirantes excluídos disporán dun prazo de quince días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*, para poder corrixir, se é o caso, o defecto que motivou a súa exclusión.

Cuarto.-Esta resolución poderá ser impugnada polos interesados nos termos previstos no apartado 3 da base vixésimo primeira das respectivas convocatorias.

Santiago de Compostela, 21 de xuño de 2006.

Antonio José Fernández Paniagua  
Director xeral da División de Recursos Humanos  
e Desenvolvemento Profesional

**V. ADMINISTRACIÓN  
DE XUSTIZA****XULGADO DE PRIMEIRA INSTANCIA  
NÚMERO DOUS DA CORUÑA**

*Edicto (45/2006-N).*

Mónica Vélez Roldán, secretaria do Xulgado de Primeira Instancia número dous da Coruña, fai saber que neste xulgado, e co número 45/2006-N, se